



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Formatos de televisión e novos medios		Código	616G01019
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Arrojo Baliña, María José		Correo electrónico	maria.jose.arrojo@udc.es
Profesorado	Arrojo Baliña, María José Conde Vázquez, Erica		Correo electrónico	maria.jose.arrojo@udc.es erica.conde@udc.es
Web				
Descrición xeral	No actual panorama audiovisual os contidos sitúanse no máis alto da cadea de valor. O obxectivo desta asignatura é que os alumnos: <ul style="list-style-type: none"><li>- se familiaricen coa análise das grellas de programación e cos novos deseños de programación de contidos audiovisuais nun entorno multiplataforma</li><li>- identifiquen e analicen a casuística de cada un dos xéneros audiovisuais</li><li>- coñezan o proceso de ideación e creación de formatos</li><li>- descubran os mecanismos de comercialización e adaptación dos formatos audiovisuais</li><li>- analicen o proceso de converxencia do sistema audiovisual, e</li><li>- coñezan e investiguen os novos contidos que se están producindo para os soportes emerxentes.</li></ul>			



<p>Plan de continxencia</p>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>? Sesión maxistral</p> <p>? Discusión dirixida (computa na avaliación)</p> <p>? Traballos tutelados (con Atención personalizada) (computa na avaliación)</p> <p>? Presentación oral dos traballos (computa na avaliación)</p> <p>? Atención personalizada</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Proba mixta (non se realizará, xa que a avaliación destes coñecementos se incorpora a metodoloxía dos ?Traballos tutelados?)</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>? Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumando. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias.</p> <p>? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade.</p> <p>1 sesión semanal en grupos pequenos (ate 6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia. A través destes grupos pequenos creados en Teams os alumnos tamén poden trasladar consultas, e se pode compartir material.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Traballos tutelados (100%): En relación cos traballos tutelados valorarase:</p> <p>? A adecuación metodolóxica das propostas de traballo</p> <p>? A profundidade do contido</p> <p>? O dominio das aplicacións utilizadas e a adecuación ós obxectivos marcados</p> <p>? A utilización de fontes documentais complementarias e actuais</p> <p>? A presentación e a claridade da exposición</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que:</p> <p>? As referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial.</p> <p>1. SITUACIÓNS:</p> <p>A) Alumnado con dedicación completa:</p> <p>Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%:</p> <p>a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (100%).</p> <p>B) Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/212):</p> <p>Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%:</p> <p>a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (100%).</p> <p>2. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:</p> <p>1. Asistir e participar regularmente nas actividades da clase.</p>
-----------------------------	--



2. Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados).
  3. Entregar e expoñer os traballos tutelados na data que se indique.
  4. A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño.
  5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía
- Non se realizarán cambios



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comunicar mensaxes audiovisuais.
A2	Crear produtos audiovisuais.
A6	Coñecelo sector audiovisual: a oferta e as audiencias.
A7	Coñecelas técnicas de creación e produción audiovisual.
A8	Coñecela tecnoloxía audiovisual.
A12	Coñecelos principais códigos da mensaxe audiovisual.
B6	Expresarse correctamente tanto de xeito oral como escrito en linguas oficiais da comunidade autónoma
B7	
B8	Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
B9	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e imprantar solución baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C1	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C2	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C3	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C4	Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Comunicar mensaxes audiovisuais	A1	B6 B7
Coñecer o sector audiovisual: a oferta e as súas audiencias	A6 A8		C4
Coñecer as técnicas de creación e produción audiovisual	A2 A7	B8 B9	C1 C2
Coñecer os principais códigos da mensaxe audiovisual	A12		C3

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Estructura da Televisión	1.1.- Organización interna das televisións 1.2.- Departamento de informativos 1.3.- Departamento de programas 1.4.- Departamento de produción allea 1.4.1.- A relación coas produtoras
Tema 2.- Programación	2.1.- Filosofía empresarial da canle 2.2.- Criterios de viabilidade 2.3.- A grella como estratexia de fidelización da audiencia 2.4.- Principais técnicas de programación 2.5.- A programación nun entorno multiplataforma
Tema 3.- Xéneros audiovisuais	3.1.- Informativos 3.2.- Entretemento
Tema 4.- Formatos televisivos	4.1.- Características do formato televisivo 4.2.- Tendencias 4.3.- Crear un formato 4.4.- Adaptación dun formato 4.5.- Comercialización dos formatos



Tema 5.- Dixitalización e converxencia	5.1.- Os contidos audiovisuais nun entorno multiplataforma 5.2.- Da planificación vertical á horizontal 5.3.- Novas vías de distribución 5.4.- A xestión integral dos contidos
Tema 6.- Contidos audiovisuais para os novos soportes	6.1.- Principais contidos para os novos media 6.2.- Formatos multiplataforma 6.3.- O branded content 6.4.- Formatos e RRSS

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A12 B9 C3	22	0	22
Traballos tutelados	A1 A2 A7	30	60	90
Estudo de casos	A6 A8 C1 C2	2	14	16
Presentación oral	B6 B7 B8	2	6	8
Proba mixta	B6 C4	2	10	12
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Nestas clases explicaranse os diferentes temas do programa, para o que se contará co apoio de presentacións power-point, vídeos e diversos materiais que faciliten a explicación dos asuntos abordados e que se empregan habitualmente nas televisións e produtoras audiovisuais. Estas sesións poderán ser presenciais ou non presenciais, en función das medidas sanitarias recomendadas no segundo cuatrimestre do curso 20-21. Antes de que dea comezo a asignatura, colgarase un calendario en Moodle, no que se especificarán as sesións que se impartirán de maneira presencial e telemática.
Traballos tutelados	Ao longo do cuatrimestre os alumnos deberán realizar diferentes traballos en grupo e individuais (segundo o cronograma da asignatura) que computarán na nota final. Os contidos destes traballos son os seguintes - análise dunha grella de programación. Localización de xéneros por canles - análise das novas técnicas de programación na contorna dixital - ideación dun formato
Estudo de casos	Realizaranse os seguintes estudos de casos:  - revisión de materiais de formatos de entretemento - análise das tendencias de formatos a nivel internacional
Presentación oral	É importante para a formación dos alumnos que se fagan coas técnicas de defensa de proxectos de maneira oral, polo que terán que facer unha presentación oral do formato audiovisual que teñan deseñado e dos traballos prácticos de programación
Proba mixta	Un exame escrito no que o alumno terá que demostrar os coñecementos adquiridos

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Estudo de casos Presentación oral	O profesor tutelaré os traballos do alumno a través das sesións destinadas á atención personalizada, así coma no seguimento e corrección dos traballos tutelados e das prácticas realizadas na aula. Este seguimento poderá facerse de xeito presencial ou telemático, en función da situación sanitaria nese momento. As ferramentas que se utilizarán serán o correo electrónico, Moodle e Teams.



## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	B6 C4	Exame escrito con preguntas curtas e preguntas a desenvolver	40
Traballos tutelados	A1 A2 A7	- análise dunha grella de programación e localización de xéneros por canles - análise das novas técnicas de programación na contorna dixital - ideación de un formato	55
Presentación oral	B6 B7 B8	Presentación oral dos traballos prácticos	5

## Observacións avaliación

É necesario superar tanto o exame escrito como cada unha das probas prácticas (traballos tutelados) para poder aprobar esta asignatura.

Considero que dúas cuestións básicas que un futuro comunicador debe ter perfectamente asentadas son as seguintes:

- debe saber explicarse con claridade -tanto nun soporte escrito como de xeito oral-, construíndo frases correctas dende un punto de vista sintáctico e semántico.

- debe ser quen de redactar sen faltas de ortografía.

Por estes dous motivos os alumnos deberán facer exposicións orais dos exercicios prácticos que realicen ao longo da asignatura. A presentación terase en conta na avaliación final das prácticas. Así mesmo, o exame non será tipo test, senón que será necesario redactar e razoar cada unha das respostas.

As faltas de acentuación ou calquera outro tipo de erro ortográfico poderá invalidar o exame (só se aceptará un máximo de dúas tildes mal colocadas ou inexistentes. Non se tolerarán faltas ortográficas graves).

## Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- SALÓ, G. (2003). ¿Qué es eso del formato? Cómo nace y se desarrolla un programa de televisión. Barcelona: Gedisa</li> <li>- FRANCÉS, M. (coor) (2011). Contenidos y formatos de calidad en la nueva televisión. Madrid: Instituto RTVE</li> <li>- RUANO, S. (2009). Contenidos culturales en las televisiones generalistas. Madrid: Fragua</li> <li>- LACALLE, CH. (2005). Los formatos de la televisión. Barcelona: Gedisa</li> <li>- ARROJO, M.J. (2010). Distribución y financiación de formatos audiovisuales en Internet. Nuevas estrategias para rentabilizar los contenidos. Telos, n. 85, Madrid: Fundación Telefónica</li> <li>- VILLAGRASA, J.M. (2010). Atrápalos como puedas! La competencia televisiva: programación y géneros. Valencia : Tirant lo Blanch</li> <li>- CEBRIÁN, M. (1992). Géneros informativos audiovisuales Radio, Televisión, Periodismo Gráfico, Cine, Video. Madrid : Ciencia 3</li> <li>- ARROJO, M.J. (2012). ¿La Televisión Social. Nuevas oportunidades y nuevos retos para el sector audiovisual?. <a href="http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4247732">http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4247732</a></li> <li>- ARROJO, M.J. (2012). ¿Algo más que Juegos de Realidad Alternativa: The truth about Marika; Conspiracy for Good; y Alt Minds?. <a href="http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4247757">http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4247757</a></li> <li>- ARROJO, M.J. (2014). ¿Los Juegos de Realidad Alternativa. Una nueva generación de contenidos multimedia interactivos?, en SIERRA, J., Y RODRIGUES, D. (coord.) Contenidos digitales en la era de la sociedad conectada. Madrid: Fragua</li> <li>- ARROJO, M.J. (2014). "La televisión social revoluciona la televisión tradicional. Hacia un nuevo modelo de televisión participativa". En Gallardo J. y Vadillo N. (ed) Las nuevas tecnologías audiovisuales frente . Tenerife: Dragó</li> <li>- ARROJO, M.J. (2015). Social television as a new relationship between conventional TV and the audience: An analysis of its aims, processes and results. International Journal of Social Sciences Studies</li> <li>- ARROJO, M.J. y PIÑUEL, J.L. (2015). Contenidos digitales y multipantalla. Tenerife: Dragó</li> <li>- ARROJO, M.J. (2015). Tipos de novedad en los Juegos de Realidad Alternativa, acciones sociales y el tercer entorno. En del Valle, C. y Salgado, C. (ed), Nuevas formas de expresión en comunicación. Madrid: McGraw-Hill Interamericana de España</li> <li>- ARROJO, M.J. (2017). Information and the Internet. An analysis from the perspective of the Sciences of the Artificial. Minds and Machines</li> <li>- <a href="https://www.barloventocomunicacion.es">https://www.barloventocomunicacion.es</a> (). .</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

### Observacións

Recoméndase encarecidamente que se revisen as normas sintácticas, semánticas e ortográficas da asignatura de primeiro de grao "Comunicación oral e escrita" antes de comezar.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías